

COMUNICACIÓN DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: COMUNICACIÓN DE RESPOSTA Á CONTESTACIÓN ADICIONAL PRESENTADA POLO PROMOTOR AOS INFORMES SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL, SEPARATA TÉCNICA E PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EÓLICO CUNCA (IN408A 2019/02)

UBICACIÓN: CONCELLO DE VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA).

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: GREEN CAPITAL POWER, S.L.

O obxecto desta comunicación é dar resposta ao oficio do 13 de setembro de 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, no que se remite, a este Organismo de Conca, a documentación adicional presentada polo promotor Green Capital Power S.L. o día 08/09/2022, en resposta aos informes emitidos por Augas de Galicia con data 14/05/2021 relativos ao parque eólico Cunha (IN408A 2019/02).

A nova documentación achegada, **Resposta Adicional Augas de Galicia**, asinada o 08 de setembro de 2022, **Plano N°009 "Hidrología"**, con referencia **EOL196_EIA_009**, de outubro de 2020 e o Plano N°009 **"Hidrología"**, con referencia **IEOL196_EIA_009**, de xuño de 2022, contempla as seguintes modificacións ao proxecto:

- Modificación da posición do aeroxerador CU-01, a nova posición na coordenada (X= 561.925, Y= 4.737.472) non presenta afección a dominio público hidráulico.
- Modificación do acceso ao parque eólico no eixe número 1 entre os PK 0+400 e 0+900) polo informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural de data 15.12.2021. A afección nº 1 dos informes sectoriais de Augas de Galicia quedaría redactada da seguinte maneira:

Nº	Curso fluvial (capa rede fluvial actualizada 2021 do Visor de Augas de Galicia)	Cruce / Zona de Policía	Tipo de afección á rede fluvial descrita na documentación adicional	Tipo de afección á capa rede fluvial actualizada 2021 do visor de Augas de Galicia (Coordenadas en UTM ETRS89 F29)
1	Leito innominado (2440593804) tributario do río Orza (24405938).	Cruce / zona de policía.	Trátase de unha estrada existente que na actualidade é preciso acondicionar para permitir o tránsito dos transportes, así como unha vía de nova construción. Realízase a modificación do trazado neste punto con posterioridade a información pública, sobre a zona de policía de este arroio transcorrerían 57 m de vía de nova apertura debido á necesidade de axustar o radio de curvatura ás exigencias dos transportes especiais, e en torno aos 508 m dunha vía xa existente. No punto 0+083 do eixe 1 proxectase unha obra de drenaxe transversal tipo marco (ODT 01.01) para evacuar o elevado caudal (5,84 m³/s) da escorrenta natural que atravesa ese punto.	Afección á zona de policía do leito innominado (2440593804) tributario do río Orza (24405938) pola vía de acceso ao parque entre os puntos de coordenada do eixe (X= 565.338; Y= 4.738.264), (X= 565.622; Y= 4.738.448) e (X= 565.522; Y= 4.738.174). Cruzamento do leito innominado (2440593804) tributario do río Orza (24405938) pola vía de acceso ao parque no punto de coordenadas do eixe (X= 565.509; Y= 4.738.325).



- Modificación da afección nº 2 dos informes sectoriais de Augas de Galicia tras a actualización da rede fluvial do ano 2021 quedando redactado da seguinte maneira:

Nº	Curso fluvial (capa rede fluvial actualizada 2021 do Visor de Augas de Galicia)	Cruce / Zona de Policía	Tipo de afección á rede fluvial descrita na documentación sometida a información pública	Tipo de afección á capa rede fluvial actualizada 2021 do visor de Augas de Galicia (Coordenadas en UTM ETRS89 F29)
2	Leito innominado (sen codificar) tributario dun leito innominado (2440593808).	Cruce / zona de policía.	O Proxecto Sectorial describe que o viario de acceso aos aeroxeradores CU01 e CU02 sitúase na contorna dun arroio temporal sen nome que verte ao río de Orza. Concretamente, o tramo que transcorre sobre a zona de policía deste arroio ten unha lonxitude de 76 m. É unha estrada existente na actualidade, que se acondicionará para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA describe que o viario de acceso aos aeroxeradores CU01 e CU02 sitúase na contorna dun arroio temporal sen nome que verte ao río de Orza. Concretamente, o tramo que transcorre sobre a zona de policía deste arroio ten unha lonxitude de 76 m. É unha estrada existente na actualidade, que se acondicionará para permitir o tránsito dos transportes especiais.	Afección á zona de policía do leito innominado (sen codificar) tributario dun leito innominado (2440593808) polo acondicionamento da vía de acceso ó aeroxerador CU-02 entre as coordenadas (X= 561.982; Y= 4.736.920) e (X= 562.000; Y= 4.736.980). Afección á zona de policía do leito innominado pola execución de gabia de cableado e entre as coordenadas (X= 561.983; Y= 4.736.901) e (X= 562.007; Y= 4.736.989). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².

Vista a documentación de resposta aos informes de Augas de Galicia ao Proxecto do Parque Eólico Cunca, enviados en data 14/05/2022, este Organismo de Conca mostra a súa **conformidade** coas modificacións presentadas polo promotor, sempre que se integren na documentación do Proxecto de Interese Autonómico, Estudo de Impacto Ambiental e Separata técnica do proxecto.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

